17.10.2019 O presidente asiste á xornada sobre *Supervisión y control interno de las universidades. El control externo. Mecanismos de prevención y control*, no Reitorado da Universidade de León.

22.10.2019 O presidente participa no acto de apertura de *Finde.U – Feira internacional de emprego universitario*, en Vigo.

24.10.2019 O presidente asiste á inauguración da exposición *Intérpretes pioneiras (1900-1953): deitando pontes*, coa que colabora o Consello Social, na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo.

31.10.2019 O presidente asiste á presentación do estudo *Avanzando hacia la economía del conocimiento. Revisións normativas en materia de transferencia de tecnoloxía y creación de empresas de base tecnolóxica*, na Cámara de Comercio de España en Madrid.

31.10.2019 O presidente representa o Consello Social na cerimonia de entrega do *XXIV Premio Xove Empresario do ano*, no Pazo da Cultura de Pontevedra.

08.11.2019 O presidente asiste ao *Seminario en materia académica dirigido a Presidentes y vocales de los Consejos Sociales*, titulado *"La evaluación de la universidad en el ámbito académico a partir del análisis de la misión, estrategia, objetivos y recursos: indicadores sustantivos de su posicionamiento. Interpretación de datos y rankings"*, na UNED, Madrid.

12.11.2019 O presidente asiste ao *VII Desayuno foro empresa Pontevedra "Novas sinerxias para a creatividade e a innovación social"*, no Parador de Pontevedra.



Premiados e autoridades na foto final coa que se pechou o acto.

- 21.11.2019** O presidente asiste á XXVIII Gala do Deporte, no edificio Politécnico do Campus de Ourense.
- 22.11.2019** O presidente asiste á entrega de premios da Bienal Internacional de Cartelismo *Terras Gauda, Concurso Francisco Mantecon 2019*, en Vigo.
- 17.12.2019** O presidente asiste á presentación del libro de Montserrat Palma *"Bolonia 20 años después. El Espacio Europeo de Educación Superior en España: análisis de los debates parlamentarios no Ministerio de Educación y Formación Profesional"*, en Madrid.
- 18.12.2019** O presidente asiste á presentación do informe sobre *La contribución socioeconómica del Sistema Universitario Español*, na UNED, Madrid.

RESUMO DE ACTIVIDADES

INICIATIVAS E ACTOS DESTACADOS

PREMIO CONSELLO SOCIAL_UVIGO HUMANA

A Uvigo e o Consello Social teñen un fondo compromiso coa implementación da Axenda 2030 e cos Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) que impulsa a ONU no marco desa axenda. Nesta liña, o Consello Social, e a Vicerreitoría de responsabilidade social, internacionalización e cooperación promoven distintas actividades, entre elas recoñecer o labor desenvolvido por persoas físicas, institucións e organizacións non gobernamentais, tanto galegas como internacionais, que teñan sobresaído pola súa traxectoria en calquera ámbito vencellado coa solidariedade e a cooperación. Esa é a finalidade coa que a Universidade de Vigo e o seu Consello Social convocan por primeira vez os Premios Consello Social_UVigoHumana, “unha convocatoria aberta e plural, unha proposta nova no Sistema Universitario de Galicia para reforzar a función social da universidade pública e que está tamén

en liña cos novos plans de internacionalización e de responsabilidade social, nos que estamos a traballar”, en palabras da vicerreitora Maribel Doval.

Pola súa banda, Ernesto Pedrosa, presidente do Consello Social da Universidade de Vigo explica esta iniciativa porque “nesta época de planicies vitais, a universidade debe converterse nun sentimento vertical dentro da sociedade, e nunha inxección de valores especialmente saudables para a convivencia, o coñecemento ético, para a igualdade e para a cooperación solidaria”.

Os premios un no ámbito galego e outro no internacional, están dotados dun diploma acreditativo e un agasallo institucional, pero non teñen unha dotación en metálico.



Entre os asistentes ó acto, o Reitor, Manuel Reigosa e Natalia Zunzunegui.

O Premio Consello Social_UVigo Humana no ámbito galego concédeselle nesta primeira edición ao Foro Socioeducativo Os Ninguéns, un espazo de encontro da sociedade civil viguesa, cun importante impacto na contorna de Vigo.

A Comisión aprecia o traballo a pé de rúa de Os Ninguéns o cal contribúe a visibilizar a realidade das persoas máis empobrecidas, vulnerables e excluídas ademais de xerar conciencia entre a cidadanía de que a pobreza, a fame, as desigualdades e as inxustizas non son problema exclusivo de países en vías de desenvolvemento.

Os Ninguéns é un exemplo de como a acción social, máis aló do asistencialismo, é quen de empoderar ás persoas máis vulnerables dándolles voz, confianza e seguridade no seu potencial para saír do círculo vicioso da pobreza e da marxinación. En representación do colectivo recolleu o galardón Antón Bouzas.

No ámbito internacional, o Premio Consello Social_UVigo Humana concédeselle a José María Vara Rodríguez. A Comisión valora o especial vencello que ten o premiado coa Universidade de Vigo onde estudou Enxeñaría de Telecomunicacións e na que fundou, xunto con outras compañeiras e compañeiros, a



Os dous galardoados José María Vara e Antón Bouzas con Natalia Zunzunegui que representou o Consello Social no acto.

ONGD Enxeñería Sen Fronteiras en Galicia, referente da cooperación ao desenvolvemento no noso país.

Así mesmo, a Comisión aprecia a forte implicación persoal de José María Vara Rodríguez que de forma desinteresada, como voluntario ou ocupando postos de responsabilidade na organización, puxo o seu tempo persoal e coñecementos a disposición dun proxecto que vén de cumprir 26 anos de historia e que sitúa a tecnoloxía ao servizo dos dereitos humanos e da igualdade de oportunidades cun impacto directo en 7 países e beneficiando a máis de 400.000 persoas.



Vista interior da Facultade de Bioloxía, unha das participantes na convocatoria.

PLAN DE APOIO A TITULACIÓNS CON DIFICULTADES PARA REALIZAR PRACTICAS PREPROFESIONAIS

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso dos titulados ás demandas dos empregadores, complementar a formación dos estudantes fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable, o Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica preprofesional, así

como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, relatorios, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito de que se trate.

As axudas foron concedidas ás seguintes facultades:

- *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía; Escola Universitaria de Estudos Empresariais; Facultade de Bioloxía; Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; Facultade de Ciencias do Mar; Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo; Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación; Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; Facultade de Dereito; Facultade de Filoloxía e Tradución; Facultade de Historia.*

ACTO DE ACOLLIDA ÓS NOVOS ALUMNOS DA UVIGO

Convertida xa nunha actuación habitual durante os últimos cursos, o Consello Social promove a edición e entrega de carpetas-guía, como agasallo de benvida e introducción na universidade, ós máis de tres mil novos alumnos que ingresan cada ano en algun dos tres Campus da Uvigo.

As carpetas, que temaen se lle entregan a outros grupos de interese, como estudantes estranxeiros de intercambio, conteñen unha información resumida dos datos máis destacados que poden ser de utilidade os recen incorporados, así como contactos, direccións, servizos, calendarios e indicacións académicas e mapas dos tres Campus, entre outra documentación de utilidade.

Para a elaboración e produción de contidos, tévense en conta as suxestións e diferente material de interés aportado os vicerreitorados de Comunicación e Relacións internacionais, e o de Captación de alumnado, estudantes e Extensión Universitaria.

A entrega, que ata este curso se facía directamente enmán ós alumnos nas aulas, levouse a cabo en actos masivos de acollida ós alumnos, organizados en setembro polos dous Vicerreitorados en cada un dos tres Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra).

O CONSELLO SOCIAL CREA ALICIENTES CIENTÍFICOS PARA OS ESTUDANTES MAIS NOVOS

O Consello Social da Uvigo esbleceu un acordo co Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole para levar a cabo iniciativas conxuntas de divulgación científica entre os máis novos, e trasladar á sociedade no seu conxunto o valor da ciencia, o coñecemento e a innovación. A posta en marcha desta alianza escenificouse co lanzamento dun globo estratosférico por parte dos alumnos das Aulas Tecnópole, ao que asistiron o presidente do Consello Social da Uvigo, Ernesto Pedrosa, o director xerente do Parque Tecnolóxico de Galicia, Ricardo Capilla, e a directora da Axencia galega de Innovación, Patricia Argerey.



Entrega de carpetas nunha das convocatorias de novos alumnos, previas ó comezo do curso



Os estudantes amosan un alto grao de aceptación e valoración da aportación informativa recollida nas carpetas.



Momento do lanzamento. O presidente do Consello Social e a directora da Axencia, comparten cos alumnos.



Imaxen das Rías galegas, captada pola cámara incorporada ó equipo do globo.

mía, Emprego e Industria e da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (Fecyt).

Ademais, organiza desde 2009 un programa de capacitación de escolares en habilidades innovadoras, as Aulas Tecnópole, que posteriormente se complemen-

tou cunha aproximación innovadora ao mundo da ciencia e a tecnoloxía dende unha óptica artística e creativa e que leva o nome de STEAM Kids Tecnópole. Isto complétase coa organización todos os veráns do único campamento tecnolóxico que se celebra en Galicia, os Tecnópole Technological Workshops (T2W).

Pola súa banda, o Consello Social ten entre as prioridades conectar cos futuros universitarios, levar coñecemento das aulas á sociedade, transferir innovación ás empresas e abrir espazos de entendemento entre os investigadores e a comunicación. Neste escenario son moitos os puntos en común ca Tecnópole no referente ós actos de divulgación e fomento das vocacións científico-tecnolóxicas entre os xoves, nos que se desenvolve esta primeira experiencia.

A primeira actividade consistiu nun reto científico que desenvolveron i executaron os alumnos co lanzamento dun globo equipado á estratosfera, progra-

mado para facer dende ese momento labores de rastreado e monitorización de datos.

A estratosfera é a capa da atmosfera que se estende entre os 10 e os 50 quilómetros dende a cortiza terrestre. Considérase que está ao borde do espazo exterior, que é onde o globo liberado se situará para captar datos da Terra. O globo chegaría á estratosfera nun tempo estimado de dúas horas e fará as funcións dunha sonda meteorolóxica.

Durante ese tempo, seguirase a súa traxectoria mediante radiofrecuencia e, grazas a sensores e cámaras instalados nunha caixa elevada polo globo, recollerá imaxes e datos de temperatura, presión e outros parámetros. Despois, retornará á superficie terrestre ata un punto estimado mediante predicións de caída onde se rescatará para extraer toda a información recollida, coa que os estudantes traballarán posteriormente.

O presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa cualificou a iniciativa como “unha excelente oportu-



O profesor Andrés Mazaira, Ernesto Pedrosa, o director do PTG, Ricardo Capilla, e o secretario do Consello Social, Ignacio Rodríguez, comentan a iniciativa.

nidade, con un excelente aliado, para formar xoves excelentes”. Agradeceu a Ricardo Capilla a súa “intelixente actividade” cos estudantes e sinalou que “nos unen os xoves e nos une a ciencia, temos unha militancia coñecida nesta causa, e dende hoxe verémola medrar significativamente”.

NOVA EDICIÓN DAS XORNADAS DO MECENADO, CONVOCADAS EN VIGO POLO CONSELLO SOCIAL

“El ejercicio de donar a la universidad en nueve experiencias: ayudas legales, ayudas fiscales, ayudas de comunicación” es el lema del programa elaborado por el Consello Social de la Universidade de Vigo para las V Jornadas de Fundraising y Mecenazgo que reunieron en Vigo a una amplia representación de expertos españoles, los días 9 y 10 de mayo.

Durante las sesiones se pudieron conocer diferentes técnicas para potenciar la filantropía y la donación como un elemento estratégico que ayuda al desarrollo de las universidades, no sólo las privadas si no las de origen público, que se dedican fundamentalmente a la captación de recursos en régimen de concurrencia competitiva. El fundraising conocido como la capacidad de captar recursos desde la iniciativa privada está entrando en las universidades públicas es-



Luis Espada foi presentado polo catedrático Anxo Sánchez.



A mesa dos responsables dos medios impresos locais, Jesús Portela (Faro de Vigo), Julio Rodríguez (Atlántico Diario) e Miguel A. Rodríguez (Diario de Pontevedra), foi moderada por Ciprián Rivas, a esquerda.

pañolas, desde hace ya varios años, permitiendo que las entidades de educación superior procuren donaciones para invertir en los departamentos de I+D+i o en la consecución de cátedras específicas ligadas a diferentes sectores empresariales.

El presidente del Consello Social de la UVigo, Ernesto Pedrosa afirmó en la apertura que “a los que donan se les debe facilitar la labor. Los que desean donar a la universidad tendrán todo tipo de facilidades para hacerlo aclarando las ayudas fiscales, legales y de comunicación”. Considera que “recibir recursos para investigación, para innovación o para acceder a la educación superior por alguien externo a nuestro ecosistema no es siempre un ejercicio de fácil resolución en las universidades públicas españolas y, si a esto le añadimos los efectos de una crisis económica potente tendremos que esforzarnos para ser proactivos en la búsqueda de soluciones”.

Aunque las V Jornadas de Fundraising y mecenazgo

están orientadas a los Consejos Sociales de España, se constituyen también como una actividad de estudio y formación en temas de mecenazgo para personal docente y de investigación, personal de administración y servicios o alumnado de diferentes carreras de las tres universidades del sistema universitario gallego, también está dirigido a trabajadores y directivos de fundaciones, organizaciones no gubernamentales u organizaciones no gubernamentales para el desarrollo, asociaciones, tanto públicas como privadas, que constituyen el tercer sector, interesadas en la captación de fondos.

Esta Jornadas alcanzaron en 2019 su quinta edición, consolidan al Consello Social de la UVigo como referente nacional en esta temática de la que se viene ocupando desde 2012, y reunieron en Vigo a los representantes de los Consejos Sociales y las universidades españolas (CCSS) para explorar y facilitar la captación de recursos externos para las universidades.

Durante los dos días de programa se abordaron las siguientes temáticas:

Primera Experiencia: “El Observatorio de Egresados de la UVigo: modelo de mecenazgo desde dentro”.

Luis Espada Recarey. Exrector de la UVigo.

Presenta: Ángel Sánchez Bermúdez, catedrático de Ingeniería química de la UVigo.

Segunda Experiencia: “El mecenazgo y maneras de comunicarlo ¿qué necesitan y cómo pueden ayudar los medios?”.

Sub-director de Faro de Vigo, Jesús Portela.

Director de Atlántico Diario, Julio Rodríguez.

Director de Diario de Pontevedra, Miguel Ángel Rodríguez.

Modera: Ciprián Rivas Fernández, Coordinador Jornadas y fundraiser.

Tercera Experiencia: “Efectos de la crisis económica en la financiación de las universidades públicas españolas”.

Juan Hernández Armenteros. Codirector del Informe La Universidad Española en Cifras.

Presenta: Ignacio Rodríguez Iglesias, Secretario técnico del Consello Social de la UVigo.

Cuarta Experiencia: “Captación de recursos privados para la investigación especializada en nuevas áreas del conocimiento”.

Xavier Labandeira, Catedrático de Economía de la UVigo. Director de Economics for Energy, Centro de Investigación especializado en cuestiones energéticas.

Presenta: Miguel A. Paniagua, subdelegado de La Voz de Galicia.

Quinta Experiencia: “La incidencia y la disposición de la empresa familiar hacia el mecenazgo: efecto sede e inversión social”.

Víctor Nogueira, Presidente de la Asociación de empresa familiar en Galicia.



Hernández Armenteros.



Xabier Labandeira.



Víctor Nogueira.



Acto de clausura. De esquerda a dereita, o secretario xeral de Universidades, o presidente do CS de Vigo, e o presidente dos Consellos Sociais de España, Antonio Abril.

Presenta: Ernesto Pedrosa Silva, Presidente Consello Social de la Universidade de Vigo.

Sexta Experiencia: “La Xunta de Galicia y las Universidades: una experiencia más allá del mecenazgo”.

Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente y Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de la Xunta de Galicia.

Presenta: Ernesto Pedrosa Silva, Presidente Consello Social de la Universidade de Vigo.

Séptima Experiencia: “El mecenazgo privado como elemento estratégico para desarrollar I+D+i en la universidad española”.

Ricardo García Mira, Catedrático de Psicología Social de la Universidade de A Coruña. Presidente del Instituto de Estudios e Investigación Psicosocial “Xoán V. Viqueira”.

Presenta: Rocío Suárez, periodista universitaria de Atlántico Diario.

Octava Experiencia: “El mecenazgo de la investigación universitaria”.

Antonio Marín Ruiz, Responsable de la Dirección Técnica de Proyección Externa, Patrocinio y Mecenazgo de la Universidad de Granada.

Presenta: Jorge Cebreiros Arce, Presidente de la Confederación de Empresarios de Pontevedra y miembro del Consello Social de la UVigo.

Novena experiencia: “Los Consejos Sociales y la financiación privada de las universidades en tiempos de crisis. 40 años de luces y sombras”.

Javier Fernández Fernández, Doctor en Economía por la Universidad de León. PAS funcionario de la Universidad Complutense de Madrid.

Presenta: Sandra Penelas, Redactora de universidades, Faro de Vigo.

Sesión CCSS: “La CSS: el compromiso de la sociedad con su universidad”.

Intervención de Antonio Abril Abadín, presidente de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades españolas (CCS).

Presenta: Javier Cepedano, Presidente del Consejo Social de la Universidad de León y Presidente de la Comisión Económica de la CCS.

VALORACIÓN DOS ALUMNOS E EMPREGADORES SOBRE AS POSIBILIDADES DE ATOPAR TRABAJO

Co obxectivo de explicar a correspondencia entre as respostas dos estudantes universitarios e dos empregadores en relación á empregabilidade elaborárase este traballo. As profesoras do Departamento de Organización de empresas e márketing Gloria Caballero e M^a Jesús López Miguens propoñen con este estudo-enquisa medir a posibilidade de atopar un emprego adecuado á preparación do alumno, e mantelo. O traballo desenvólvese en tres etapas: o perfil e as circunstancias do estudante que se matricula; a empregabilidade percibida polos alumnos de cuarto curso; e a percepción dos empregadores respecto das competencias que precisan e as que amosan os estudantes da UVigo que contratan. **As conclusións do estudo pódense consultar no final desta Memoria.**

As autoras elaboraron ata 2018, tamén por encargo do Consello Social unha análise da **“Confianza e percepción dos estudantes da UVigo na súa empregabilidade”**, elaborada durante os últimos anos para coñecer a percepción laboral e a confianza dos estudantes da Universidade de Vigo, co obxectivo de diagnosticar e actuar sobre a brecha entre inserción laboral dos egresados e o mundo do traballo. O Traballo, para, entre outras propostas, identificar que pensan os alumnos dos últimos cursos



Portada do programa das Xornadas.

da Universidade de Vigo sobre as posibilidades de atopar traballo en varios escenarios e atendendo ao ámbito dos estudos; como creen e valoran a formación recibida na universidade e como valoran a reputación da institución e se séntense identificados con ela; como valoran aos profesores e as prestacións universitarias e que valor lle dan para acceder ao mercado laboral; que percepción teñen da familia e dos grupos sociais; se confían nos seus coñecementos, as súas cualidades, e se confían nos procesos de selección; se saben o que queren con certeza; que valoración fan de se mesmos e das súas potencialidades.

OS TITULADOS NA HISTORIA DA UVIGO, POSTOS EN REDE NO MUNDO

“Estamos ante la fotografía en tiempo real de lo que está pasando con los egresados de la UVigo. A través de ellos, la universidad se enriquece porque se conecta con el sistema productivo, con la vida empresarial, con el mercado de trabajo, con la dinámica académica... pero sobre todo con el pulso de la sociedad.

Esta nueva entrega del Observatorio es en realidad

ya un video –más que una fotografía– a través del que Luis Espada y Víctor Cacharrón nos enseñan el lado hasta ahora más desconocido de la universidad, el que nos muestra ese universo propio y común que conforman quienes eligieron la puerta de la UVigo para salir al mundo”.

Ernesto Pedrosa

Relatorio de actividades do Observatorio de persoas tituladas da UVigo durante o ano 2019

O Consello Social promove o Observatorio de persoas tituladas, creado como Observatorio de egresados, que dende a súa posta en marcha ca nova denominación, en 2016, realiza un seguimento dos antigos alumnos a partir do estudo das súas traxectorias profesionais e da súa situación laboral. Deste xeito, grazas a este traballo, a UVigo dispón dunha información actualizada, fiable e útil para a toma de decisións.

Durante o ano 2019 leváronse a cabo as seguintes actividades, que responden á proposta aprobada pola Comisión de Actividades e Servizos e o Pleno do Consello Social da UVigo:

Informe “100 titulacións da UVigo (1990-2015)”

Con este obxectivo, durante este ano, a actividade do Observatorio centrouse fundamentalmente na elaboración, coa colaboración do Consello Social, do informe “100 titulacións da Universidade de Vigo (1990-2015). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas”, cuxa redacción foi culminada en decembro, con 517 páxinas e 98 anexos.

Este estudo, coas respostas das 10.748 persoas tituladas que participaron, ten por obxecto determinar tanto as necesidades formativas complementarias de especialización requiridas polas persoas tituladas da UVigo entre os cursos 1989/90 e 2014/15,

unha vez inseridas no mercado de traballo, ben como coñecer especialización profesional dos antigos estudantes a partir das materias susceptibles de transmisión docente e que poderían ser útiles de cara á súa participación en cursos, conferencias e/ou seminarios. Incorpora ademáis unha ficha de cada titulación, con informacións estruturadas sobre catro aspectos fundamentais de cada unha das cen titulacións avaliadas: información académica, situación socio-laboral, emprego actual e valoración das titulacións.

- Información académica: vixencia (período comprendido entre a primeira e a última promoción), campus universitario (Ourense, Pontevedra e Vigo), distribución de titulados/as por xéneros, formación de posgrao e titulación universitaria adicional.
- Situación socio-laboral: actividade actual, diferenciado entre empregado por conta allea (na empresa privada ou para a administración pública), por conta propia (traballador/a autónomo/a ou empresario/titular dunha empresa), continúa os estudos, de baixa laboral, xubilado/pensionista e outras situacións, ben como a taxa de ocupación (% de persoas que traballaban no momento de responder a enquisa).
- Emprego actual: incorpora as variables lugar



Portada da web do Observatorio.

de traballo (localidade onde se encontra a empresa/entidade en que traballa), rama de actividade (ámbito público, empresa privada ou entidades non lucrativas), sector económico, área funcional ou departamento de traballo, categoría profesional e tamaño da empresa/entidade en que traballa.

- Valoración das titulacións: a ficha de cada unha das titulacións tamén inclúe a relación existente entre o posto de traballo actual e os estudos realizados, ben como entre as exigencias deste e o nivel académico adquirido na UVigo.

Proxección pública

O ano 2019 foi un punto de inflexión na proxección pública do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo. En primeiro lugar, no día 8 de xullo presentábase, coa colaboración das Vicerreitorías de

Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria e de Comunicación e Relacións Institucionais, o novo portal web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Esta ferramenta de comunicación (www.observatorio.egresados.webs.uvigo.es) permite que o antigo alumnado poda acceder aos formularios en liña para actualizar os seus datos de contacto ou incorporarse á Base de Datos de Persoas Tituladas, participar nos diferentes estudos de inserción laboral e divulgar as actividades levadas a cabo, contribuíndo así á socialización do Observatorio.

Nesa altura tamén foi creada unha páxina de LinkedIn do Observatorio de Persoas Tituladas (<https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>) para socializar os contidos dos Informes de Inserción Laboral realizados, as noticias, os eventos e outros temas endóxeos da UVigo ou doutras



Triloxía de informes sobre inversión laboral 1990-2015 da UVigo.

fontes para que cheguen dunha forma máis aberta e masiva. A páxina, que é actualizada diariamente, tivo unha acollida positiva, conseguindo entre xullo e decembro de 2019 un total de 810 seguidores/as, o que permitiu a aumentar a Base de Datos de Persoas Tituladas.

En segundo lugar, coa participación en feiras e congresos como a 4ª Feira Internacional de Emprego Universitario (FINDE.U), entre os días 22 e 23 de outubro, e o Congreso NEV-Nuevos Estilos de Vida, realizado entre o 27 e 28 de novembro. Trátase de dous eventos en que a presenza do antigo alumnado ten un papel importante, xa sexa como destinatarios das organizacións e empresas que procuran o talento universitario, ou como protagonistas do que supón realizar unha titulación universitaria.

Divulgación de actividades

O 9 de maio de 2019 o Observatorio de Persoas Tituladas participou nas V Xornadas para a Promoción do Mecenado Universitario, organizadas polo Consello Social da UVigo, cun relatorio presentado polo seu director sobre as potencialidades para desenvolver un modelo de mecenado endógeno.

Baixo o título “As potencialidades do Observatorio de Persoas Tituladas como modelo de mecenado endógeno”, Luis Espada debullou unha estratexia propia de fomento do fundrising e mecenado na UVigo a partir da identificación e localización do antigo alumnado máis sobresaliente no campo profesional como empresarios ou directivos realizada polo Observatorio. A experiencia do Observatorio

no deseño e aplicación de indicadores de inserción laboral dos egresados/as da UVigo foi divulgada durante o XVI Foro Internacional sobre la Evaluación de la Calidad de la Investigación y de la Educación Superior (FECIES), celebrado en Santiago de Compostela entre os días 29 e 31 de maio. O Observatorio participou neste evento académico con dous relatorios, un sobre o sistema de indicadores de inserción laboral desenvolvidos na UVigo entre 2011 e 2019 e outro mostrando os resultados do estudo sobre a situación laboral das persoas tituladas da UVigo entre 1990-2015.

Explotación da Base de Datos

A partir dos diferentes estudos de inserción laboral o Observatorio conseguiu configurar unha ampla base de datos que constitúe a compilación de información máis completa do antigo alumnado existente

na UVigo. Durante o ano 2019 consolidouse o Sistema de Xestión de Bases de Datos de Persoas Titulados, creado en setembro de 2018, con información de até 12.600 persoas tituladas voluntariamente inscritas no Observatorio desde as primeiras promocións no curso 1989/90 até a actualidade.

A explotación da Base de Datos do Observatorio permite a xeración de listas de distribución de correo electrónico que constitúen un medio importante de contacto cos antigos estudantes rexistrados. Estas listas aumentan cada vez que se envía información destinada ao colectivo coa axuda das persoas tituladas que convidan a outros colegas a vincularse. Durante o ano 2019 esta lista foi utilizada para enviar información de cursos, xornadas, eventos, enquisas e outras noticias ligadas ao Observatorio de interese para o antigo alumnado.

PUBLICACIÓNS

RESUMO DAS EDICIÓNS



MEMORIA DO CONSELLO SOCIAL DE 2018

Dando cumprimento ao disposto pola normativa, o Consello Social elabora unha Memoria das súas actividades que remitirá ao Parlamento de Galicia e á Consellería competente. A publicación que recolle esta Memoria achégase por extensión ás diferentes organizacións, instancias e administracións relacionadas co propio Consello Social ou que teñen vinculación co ámbito educativo, en xeral, ou universitario, en particular. Tamén se remite aos consellos sociais das universidades españolas. A Memoria recompila as iniciativas, acordos, e sesión celebradas, así como patrocinios, comparecencias, axudas ou foros nos que está representado o CS.



BARÓMETRO DE EMPREGABILIDADE DA UVIGO

O estudo pretende coñecer de primeira man a percepción da empregabilidade dos estudantes universitarios a piques de graduarse e a dos empregadores. Este obxectivo é un punto de partida para a universidade, na medida que lle permitiría poder encaixar o que valoran os seus principais clientes, os graduados, co que valoran aqueles que os van a avaliar. O informe ten como pretensión final estreitar máis a relación entre a educación superior e as necesidades do mercado de traballo, xa que os empregadores demandan graduados preparados para traballar, flexibles e con capacidade de adaptación aos continuos cambios tecnolóxicos. Este é o motivo que leva a que a universidade se preocupe sen descanso por formar graduados cualificados, que respondan a estes novos retos nas empresas ou institucións.

CARPETAS GUÍA PARA O NOVO ALUMNADO

Unha vez máis, O Consello Social editou e distribuíu carpetas de benvida para o novo alumnado que se matricule por vez primeira no curso 2019-2020. O obxectivo é facilitar o proceso de acollida e integración, achegando unha guía para un acceso fácil aos servizos dos Campus (enderezos, teléfonos etc.), os emprendamentos dos centros e servizos, a oferta académica completa das diferentes facultades, e os contactos e vocabulario básico para mellor comprender a realidade da nosa universidade.



100 TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (1990-2015). FORMACIÓN COMPLEMENTARIA E ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL DAS PERSOAS TITULADAS

Este estudo culmina o ciclo iniciado en 2017 coa publicación de *71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)*. Evolución da oferta académica. Alén disto, este traballo pretende reflectir cada unha das distintas titulacións agrupadas por ámbitos de coñecemento. En cada titulación descríbense aspectos como a vixencia (período comprendido entre a primeira e a última promoción, se así for), campus, distribución por xéneros, formación de posgrao, titulación universitaria adicional, situación socio laboral actual e taxa de ocupación. En relación ao posto de traballo das persoas que traballan defínese a rama de actividade, sector económico, área funcional, lugar de traballo e categoría profesional. Tamén se amosa a relación entre o traballo actual e os estudos realizados, ben como entre as esixencias laborais e profesionais e o nivel académico adquirido na UVigo.



DEBATE SOBRE LOS DEBATES ELECTORALES Y NUEVAS FORMAS DE COMUNICACIÓN POLÍTICA

Esta análise describe a organización, realización e impacto dos debates electorais, valorados como potentes ferramentas de comunicación e consecución dunha opinión pública mellor formada e como ferramenta que mellorara a calidade democrática. Unha segunda parte do libro está dedicada ás novas formas de comunicación e participación política, segundas pantallas, ecos e amplificadores en multitude de ocasións do debate político clásico, o celebrado en televisión, que hoxe en día non pode ser considerado como un produto illado. É imposible entender a súa utilidade ou o seu impacto no electorado sen considerar esas novas e paralelas formas de comunicación política, vinculadas xeralmente á rede e ás relacións públicas.





ARGIMIRO ROJO, O HOME *SMILING THROUGH*. LIBRO HOMENAXE A UN POLITÓLOGO COSMOPOLITA

Este libro homenaxe, en palabras dos autores, Álvaro X. López Mira e Enrique J. Varela Álvarez, escribiuse sobre quen “como ninguén, soubo darlle valor á Área de Ciencia política e administración en Galicia, en España, e por onde estivo e foi. Valor dende a periferia do coñecemento politolóxico. Valor das persoas que aman a súa profesión por riba das consideracións teóricas. Valor do traballo ben feito e eticamente responsable coa contorna que vivimos nos diferentes Campus da Universidade de Vigo”. E continúan “é esta unha obra aberta como a do propio Argimiro. Miscelánea de anacos de vida persoal, familiar e profesional que é imposible que abranca na súa totalidade a fondura e riqueza do pensamento do noso compañeiro e camarada, dun “politólogo tranquilo”, consciente da súa responsabilidade individual e colectiva, para coa familia, colegas, institución e conxunto da globalidade cosmopolita”.

LAS ESFERAS JURÍDICAS DE DOS MUNDOS

Este traballo monográfico diríxese a determinar os perfís de dúas esferas xurídicas. A primeira é a esfera da posesión, gobernada pola lei natural. A segunda é a esfera do dominio, gobernada pola lei civil. Posesión é poder natural de equidade. Propiedade é poder e potestade civil. Na, mesma cousa, a lei natural fai que un posúa e a lei civil fai que outro sexa dono. É por iso que, o dono ten acción contra o posuidor para reivindicar a súa propiedade. A lei civil non pode destruír a lei natural. A lei natural si pode destruír a lei civil. O dominio civil non pode destruír a posesión natural de equidade. A posesión natural de equidade si pode destruír o dominio civil. A posesión natural é superior ao dominio civil. A posesión xurídica de equidade é, como a lei natural, inmutable e eterna. O dominio civil é mutable e caduco. Con todo, Cicerón sostivo que non se debe separar o campo xurídico civil da equidade. No universo destes dous mundos sitúase a ponte, que foi construído con materiais do ius naturale (capere, usus e tempus) pola vella Lei das XII Táboas e a xurisprudencia romana pontifical (quen xa entendeu ben a existencia de ambas as esferas), da usucapión. Esta natureza da posesión explica a separación clásica propiedade-posesión, a diferente defensa respectiva de ambas as (accións reais e os interdictos) e o nacemento da usucapión como medio xurídico que conectou os dous mundos.



REVISTA DE PRENSA

SELECCIÓN DE NOTICIAS PUBLICADAS



Ernesto Pedrosa na foto de familia de Santo Tomé. La Región. 29 de xaneiro de 2019.



O presidente do Consello na presentación de Edugal 2019. Diario de Pontevedra. 22 de febreiro de 2019.



O Consello Social aposta de novo pola Feira da Educación de Galicia. Faro de Vigo. 28 de febreiro de 2019.



O Presidente do Consello e o reitor presentan a mascota da Universidade La Voz de Galicia. 1 de maio de 2019.



O Consello Social organiza as V Xornadas de Mecenado. Na información, inauguración a cargo de Ernesto Pedrosa e Lalo Azcona. Atlántico Diario. 10 de maio de 2019



O presidente do Consello entre o alumnado e profesorado que lanzaron o globo. Faro de Vigo. Ourense. 31 de maio de 2019.



Que o Consello Social e Tecnópolis lancen un globo estratosférico foi portada do: Faro de Vigo, ed. Ourense. 31 de maio de 2019.



Ernesto Pedrosa como firma invitada dá a súa opinión en La Voz de Galicia e explica a iniciativa de divulgación coa Tecnópolis. La Voz de Galicia. Ourense. 23 de xuño de 2019.



O lanzamento forma parte da estratexia de divulgación científica conxunta entre o Consello Social e Tecnópolis. La Voz de Galicia. Ourense. 31 de maio de 2019.



O presidente do Consello Social na presentación do Observatorio de Persoas Tituladas. El Correo Gallego. 9 de xullo de 2019.



Ernesto Pedrosa representa o Consello Social na inauguración do curso 2019-2020 do Sistema Universitario Galego en Compostela. El Correo Gallego. 6 de setembro de 2019.



Pedrosa na mesa inaugural do Congreso internacional "Comunicación Social e opinión pública nas ditaduras". La Región. 17 de outubro de 2019.



O Consello Social promove coa Uvigo o premio Consello Social UVigo _Humana. Na información, as entidades recoñecidas nesta primeira edición. Atlántico Diario. 21 de outubro de 2019.



O Consello Social aproba o novo orzamento da historia da UVigo. Faro de Vigo. 28 de decembro de 2019.



O presidente e o reitor na foto de grupo do derradeiro pleno do Consello Social do ano 2019, celebrado no Liceo de Ourense. La Voz de Galicia. Ourense. 28 de decembro, 2019.



O Consello Social dá luz verde ao orzamento máis alto da Universidade de Vigo. La Región. 28 de decembro de 2019.

SELECCIÓN DE NOTICIAS

WEB DO CONSELLO SOCIAL

1. A WEB DO CONSELLO SOCIAL CUMPRE DEZ ANOS



1. Imaxe da primeira web do Consello Social no ano 2010.

[Todas as imaxes e datas obtivéronse por medio do buscador WaybackMachine da biblioteca dixital Internet Archive (<https://archive.org/>)]

1. En 2019 cúmprese unha década da posta en funcionamento da primeira web oficial do Consello Social. Na imaxe podemos ver unha captura de abril de 2010.

Naquel momento accedíase a esas páxinas por medio do enderezo consellosocial.uvigo.es. O presidente do Consello era Emilio Atrio Abad, e o secretario Ignacio Rodríguez.

2. En novembro de 2015 a web continuaba mantendo unha aparencia similar á de cinco anos atrás.



2. Imaxe da web no ano 2015.

O cambio visual máis importante que se percibe, alén da racionalización dos menús, é o da utilización da nova identidade corporativa do Consello Social, cambio que se produciu ao redor desta data.



3. Imaxe da web en xuño do ano 2018.

- Esta é unha das últimas capturas da anterior web do Consello. É de xuño de 2018. Uns meses máis tarde, co meta de estar totalmente operativa no 2019, producírase remodelación completa das páxinas corporativas.

Nesas datas, o acceso seguía sendo por medio de consellosocial.uvigo.es. O presidente era Ernesto Pedrosa, e o secretario Ignacio Rodríguez.

- No último trimestre de 2018 fixéronse os traballos para a posta en marcha dunha renovada web corporativa. Para construír a mesma, o Consello Social definiu os seguintes obxectivos:


- Mellorar o coñecemento da institución,
- Incrementar a capacidade informativa da mesma.
- Crear unha ferramenta moderna e atractiva, adaptada a todo tipo de dispositivos dixitais.

O acceso a esta web, de acordo coa política de dominios definida pola Universidade de Vigo, pasaría a ser consellosocial.uvigo.gal.



4. Web do Consello Social a 4 de decembro de 2018


2. ALGÚNS DATOS SOBRE OS OBXECTIVOS MARCADOS POLO CONSELLO SOCIAL PARA A NOVA WEB



Tipos de acceso á web do Consello Social.


Se ben o acceso maioritario seguiu producíndose desde computadores, é interesante ver como a porcentaxe de uso de dispositivos de man, como son o móbil ou a tableta, pasou a ser do 40%.

Datos de 2019.



Incrementouse o tempo de lectura.

Datos de tempo de lectura de cada acceso do curso 2019-2020, ata o 14 de marzo




Creceu o número de accesos.

Datos de accesos á web presentados por semanas do curso 2019-2020, ata o 14 de marzo.

Conseguíuse un posicionamento correcto en buscadores

Capturas de algunhas buscas en Google que ilustran o posicionamento da web do Consello Social.

Na busca “Consello Social” o da Universidade de Vigo aparece dúas veces nos cinco primeiros resultados, a primeira delas en segundo lugar.



Na procura dun evento que xera un alto número de buscas, como é a información sobre o “San Pepe”, a nova do Consello Social é a terceira.



Noutra busca, neste caso sobre un ciclo de conferencias de dereito marítimo, na devolución de Google, a nova da web do Consello está na primeira posición.



3. A WEB DAS V XORNADAS PARA A PROMOCIÓN DO MECENADO UNIVERSITARIO



O 9 e 10 de maio celebrouse a V edición destas xornadas, motivo polo que preparamos unha web para dar información sobre as mesmas.

As páxinas recollen a programación do evento, currículos dos relatores, os propios relatorios e outra documentación producida no encontro, así como reportaxes fotográficas e en vídeo.

A web, perfectamente accesible tamén desde móbiles, pode aínda ser consultada en jornasmecenazgo.uvigo.gal





4. A WEB E A TRANSPARENCIA DO CONSELLO SOCIAL

Como órgano público de participación da sociedade na Universidade de Vigo, o Consello Social nace co deber de dar a coñecer a dita sociedade as súas funcións, labores que desenvolve e logros destes traballos. Mais foi quizais en 2019 o ano no que esta obriga asúmesese cunha responsabilidade e actitude máis racional e proactiva.

Conscientes de que a web é a xanela na que nos visualiza o corpo social co que nos relacionamos, “emprendimos unha reordenación que permitise que as informacións fosen máis accesible e recuperables, estruturando e colocando en varios espazos

da páxina as actas, as convocatorias de reunións, as nosas memorias etc. Este traballo callará no 2020 cun apartado propio para “Transparencia”.

Máis aínda, mesmo sendo unha coincidencia, en 2019 comezamos a traballar nos “Encuentros anuais de Secretarías de Consejos Sociales de Universidades” que se celebrarían en Ourense no ano seguinte. O leit motiv escollido para esta edición foi “Comunicación e transparencia, en que poden mellorar os Consellos Sociais”, o que elevou o nivel de consciencia respecto á obriga de sermos unha institución coas paredes de vidro.

BARÓMETRO DO CONSELLO SOCIAL

QUÉ ESPERAN OS ESTUDANTES DO MERCADO LABORAL. QUÉ BUSCAN OS EMPREGADORES.

O Consello Social promoveu a realización dun estudo para coñecer a evolución da empregabilidade dos estudantes, entendida como a posibilidade de atopar un emprego adecuado á súa preparación e mantelo. O proxecto, dirixido polas profesoras Gloria Caballero Fernández e M^a Jesús López Mi-guéns, fai a análise a partir de tres estudos feitos en tres momentos de tempo diferentes: no primeiro valora o perfil do estudante que se matricula no primeiro curso dun Grao; no segundo, estúdase a percepción que os estudantes de cuarto curso teñen respecto da súa empregabilidade e todo o que pode afectar; e finalmente consultase a percepción que teñen os empregadores que contratan a estudantes da UVigo sobre qué cualidades específicas lles piden e que carencias principais atopan neles. Estas son as conclusións:

5.1. AS MOSTRAS

Co obxectivo de explicar a correspondencia entre as respostas dos estudantes universitarios e dos empregadores en relación á empregabilidade a con-

tinuación descríbese, de modo resumido, a mostra utilizada en cada un deles.

5.1.1. Os estudantes universitarios

A poboación obxecto de análise está formada por 7.130 estudantes que están matriculados no último curso de grao dunha das titulacións que se imparten nos tres campus da Universidade de Vigo.

A selección da mostra realizouse mediante un procedemento aleatorio estratificado, utilizando a rama de ensino segundo o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte como variable de estratificación (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñería e Arquitectura e, Ciencias da Saúde).

A información foi recollida entre xaneiro e marzo de 2017 a través de enquisas persoais das que, tras depurar os datos recolectos, obtense unha mostra de 1.088 estudantes. O erro mostral é do 2,74% e o nivel de confianza do 95%, baixo as condicións de $p=q=0,50$.

A mostra descríbese respecto ao xénero cun 58,18% de mulleres e un 41,82% de homes. Respecto da idade, o 84,74% ten 25 anos ou menos, o 10,75% entre 26 e 30 anos e o 4,51% máis de 30 anos. Segundo a rama de ensino, o 38,88% cursan unha titulación da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 26,01% unha de Enxeñería e Arquitectura, o 16,36% unha de Ciencias da Saúde, o 9,74% unha de Artes e Humanidades e o 9,01% unha de Ciencias. Segundo o número de anos que levan estudando o grao, o 8,18% fano desde fai menos de 4 anos, o 67,92% leva 4 anos, e o 23,90% desde fai máis de 4 anos. Para rematar, e respecto da situación laboral actual dos estudantes, o 81,43% dedícanse ao grao dun xeito exclusivo, mentres que o 18,57% compatibiliza os seus estudos na universidade cun traballo.

5.1.2. Os empregadores

A poboación obxecto de análise está formada por 1.999 empresas e entidades que en 2017 teñen algún convenio de cooperación educativa en vigor coa Universidade de Vigo. A mostra final, unha vez depurados os datos, ascende a 375 empresas e entidades. Os datos foron facilitados pola Fundación Universidade de Vigo.

A mostra descríbese segundo o sector de actividade seguindo os códigos CNAE, de xeito que os sectores máis representados na mostra, con porcentaxes por encima do 10,00% son o sector de Actividades profe-

sionais, científicas e técnicas (M) (30,40%), o de Comercio ao por maior e ao por menor, reparación de vehículos de motor e motocicletas (G) (11,73%), e o da Industria manufacturera (C) (10,13%).

Segundo o ámbito xeográfico de actividade, o 34,93% das empresas e entidades é de carácter internacional, o 23,47% é estatal, o 18,40% é autonómico, o 10,40% é provincial e, o resto, 12,80% é local.

De acordo á cifra de vendas do último ano, o 64,00% das empresas e entidades facturan menos de 1 millón

de euros anuais, o 22,67% facturan entre 1 e 10 millóns de euros anuais e o 13,33% supera os 10 millóns de euros anuais.

Respecto ao cadro de persoal, o 52,53% das empresas e entidades conta con ata 10 empregados, o 23,73% entre 11 e 50 empregados, o 14,93% entre 51 e 250 empregados e o 8,81% con máis de 250.

De acordo co xénero do persoal, o 34,13% das empresas e entidades afirma posuír unha maioría

de mulleres, o 35,20% unha maioría de homes e o 30,67% un reparto paritario entre homes e mulleres. En canto ao nivel de estudos, o 57,07% do persoal ten estudos superiores.

Para rematar, en relación á colaboración coa Universidade de Vigo, o 93,60% teñen un convenio coa universidade para realizar prácticas, o 12,80% fai uso do servizo de ofertas de emprego da Universidade de Vigo e o 10,13% colabora con grupos de investigación.

5.2. CONCILIACIÓN DA EMPREGABILIDADE ENTRE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E EMPREGADORES

Neste apartado reflexiónase sobre a empregabilidade desde a análise da percepción dos estudantes e dos empregadores respecto dalgúns dos factores que a li-

teratura apunta como de maior relevancia na determinación da empregabilidade. En particular, analízase o mercado laboral, as competencias e a contratación.

5.2.1. O mercado laboral

Os estudantes valoran a situación do mercado laboral en 3,21 puntos sobre 5 ao referirse á demanda de estudantes da súa carreira, en 3,53 puntos ao considerar que terminar o grao supónlles unha vantaxe no momento de atopar traballo, en 2,93 puntos ao valorar que poden atopar facilmente oportunidades de traballo no seu ámbito de estudos, e en 2,69 puntos que na súa zona xeográfica hai demanda de graduados do grao que estudan.

Pola súa banda, os empregadores valoran a percepción do mercado laboral segundo as perspectivas de contratación que teñen na súa empresa. En primeiro lugar, nos próximos dous anos. En detalle, o 5,07% consideran que este incremento será forte, o 50,67% esperan un incremento moderado, o 37,33% pensan que o mercado laboral vai a permanecer estable, mentres que o 5,33% estiman un decremento moderado. En segundo lugar, no curto prazo, o 46,93% das empresas espera ampliar o seu persoal.

5.2.2. As competencias

A análise das competencias agrúpase en cinco bloques: calidades persoais, habilidades sociais, traba-

llo autónomo e en equipo, adaptación e eficacia.

As calidades persoais

As calidades individuais que se consideran son tres: o sentido da responsabilidade, a iniciativa e a creatividade.

O sentido da responsabilidade é a calidade que máis

valoran que posúen os estudantes (4,58 puntos sobre 5) e a que os empregadores máis importancia lle outorgan (4,59 puntos sobre 5). O 22,67% dos empregadores afirman atopar ausencia desta calidade nos candidatos que reciben da universidade daccordo co

convenio educativo suscrito con esta.

A calidade da iniciativa é puntuada polos estudantes en 4,28 puntos sobre 5, similar á importancia que lle dan os empregadores, que o fan en 4,24 puntos sobre 5. O 46,67% dos empregadores sinalan a carencia desta calidade nos estudantes universitarios.

As habilidades sociais

As habilidades sociais analizadas son tres: as habilidades nas relacións interpersoais, a negociación e o liderado.

As habilidades nas relacións interpersoais é a máis valorada de todas tanto polos estudantes (4,46 puntos sobre 5) como polos empregadores (4,10 puntos sobre 5). O 18,67% dos empregadores mostran que hai carencia desta habilidade nos estudantes.

A habilidade da negociación é a seguinte que máis

O traballo autónomo e en equipo

As competencias referidas a saber traballar, xa sexa de xeito independente ou cos demais, analízanse en tres bloques: a comunicación oral e escrita, a autonomía e, o traballo en equipo.

A competencia de traballar en equipo é a máis valorada tanto pola súa posesión desde a perspectiva dos estudantes (4,55 puntos sobre 5) como pola importancia que lle outorgan os empregadores (4,46 puntos sobre 5). Un 12,80% dos empregadores sinala a falta desta competencia entre os estudantes.

A adaptación

A competencia de adaptación analízase con tres calidades: a capacidade para a resolución de problemas, o rendemento baixo presión e a tolerancia á frustración.

A capacidade para a resolución de problemas é valorada polos estudantes con 4,26 puntos sobre 5, mentres que os empregadores danlle a maior importancia

Para rematar, os graduados valoran a creatividade que teñen en 4,37 puntos sobre 5 e esta calidade recibe unha importancia por parte dos empregadores de 3,84 puntos sobre 5. O 17,33% dos empregadores afirman atopar falta de creatividade nos estudantes que reciben.

consideran posuír os estudantes (4,36 puntos sobre 5) e os empregadores (3,61 puntos sobre 5). Un 9,78% dos empregadores afirma atopar carencia desta habilidade entre os candidatos universitarios.

Finalmente, a habilidade do liderado considéranla que posúen os estudantes cunha valoración de 4,08 puntos sobre 5 e os empregadores danlle unha importancia de 3,40 puntos sobre 5. Un 11,20% dos empregadores mostra a ausencia de liderado entre os estudantes.

A autonomía é a segunda competencia máis valorada de novo tanto polos estudantes (4,52 puntos sobre 5) como polos empregadores (4,17 puntos sobre 5). Un 29,33% dos empregadores considera que existe carencia desta competencia entre os candidatos universitarios.

A comunicación oral e escrita é a menos valorada tanto nos estudantes (3,99 puntos sobre 5) como nos empregadores (3,95 puntos). Un 28,00% dos empregadores considera que os estudantes non posúen esta competencia.

cunha valoración de 4,47 puntos sobre 5. Un 34,13% dos empregadores afirma que os candidatos universitarios carecen desta competencia.

O rendemento baixo presión é percibido polos estudantes cunha puntuación de 3,88 puntos sobre 5, á vez que os empregadores lle dan unha importancia valorada en 3,73 puntos. Un 18,13% dos empre-

gadores considera que os estudantes non posúen esta competencia.

Para rematar, a tolerancia á frustración é a máis va-

A eficacia

A competencia da eficacia analízase con dúas calidades: a administración de tarefas e a orientación a resultados.

A administración de traballos é a que máis consideran posuír os estudantes (4,24 puntos sobre 5), mentres que os empregadores danlle unha importancia de 3,61 pun-

lorada polos estudantes (4,34 puntos sobre 5) e á que menos importancia lle dan os empregadores (3,63 puntos sobre 5). Un 13,60% dos empregadores afirma que os candidatos universitarios non a posúen.

tos sobre 5. Un 18,67% dos empregadores valora que existe carencia desta competencia entre os estudantes.

A orientación a resultados é valorada polos estudantes en 3,79 puntos sobre 5 e polos empregadores en 3,86 puntos sobre 5. Un 22,67% dos empregadores sinala a ausencia desta competencia.

5.2.3. A contratación

A análise das actuacións dirixidas á contratación de persoal agrúpase en tres bloques: (1) a presentación de candidaturas no caso dos estudantes

universitarios e o recrutamento no dos empregadores, (2) o proceso de selección e (3) a formación continua.

A presentación de candidatura - recrutamento

No momento de conseguir un emprego, os estudantes valoran con 4,20 puntos sobre 5 a súa intención de ir en persoa á empresa para manifestar o seu desexo de formar parte do seu persoal.

Pola súa banda, os empregadores valoran o medio utilizado para recrutar candidatos. En particular, o

50,93% fan uso do departamento de persoal da propia empresa para efectuar o recrutamento, o 46,40% acoden á universidade, o 21,07% a institutos de formación profesional, o 17,60% fano a través de convocatorias en prensa e, o mesmo porcentaxe de empresas (un 12,80%), utiliza o Servizo Galego de Colocación e recorren a empresas externas de selección.

O proceso de selección

O proceso para seleccionar persoal analízase con varios aspectos: a entrevista, o expediente académico, a experiencia laboral, o currículo e as recomendacións de terceiras persoas.

calidades na mesma e, en 3,43 puntos a confianza que teñen no éxito que terán nunha entrevista.

A entrevista

Os estudantes valoran en 4,10 puntos sobre 5 a súa habilidade de saber convencer aos futuros empregadores da valía persoal nunha entrevista, en 4,09 puntos a intención de preguntar dúbidas durante a mesma, en 4,32 puntos o propósito de resaltar as súas

Os empregadores, pola súa banda valoran a entrevista como o máis importante dos aspectos considerados, cunha puntuación de 4,33 puntos sobre 5.

O expediente académico

Os estudantes valoran cunha puntuación de 3,68 sobre 5 que están satisfeitos coas cualificacións obtidas na carreira, en 3,62 puntos a satisfacción co

rendemento académico alcanzado ata o momento, en 3,85 puntos o dominio da súa área de estudos e, en 4,20 puntos a prioridade que lle dan ao seu traballo académico.

Os empregadores pola súa banda, consideran a formación académica coma o elemento da selección menos valorado, cunha puntuación de 3,25 puntos sobre 5.

A experiencia laboral

Este apartado só foi contestado polos estudantes con experiencia laboral, con independencia de que esta teña ou non afinidade co grao cursado e do tipo de contrato que tivesen (en prácticas, temporal, por obra, indefinido, etc.).

Os estudantes que teñen experiencia laboral son un 63,88% do total. Estes valoran en 3,21 puntos sobre 5 a relación da experiencia laboral co grao, en 2,78 puntos que lles permitiu atopar un bo traballo, en 4,08 puntos que a consideran positiva, en 3,11 puntos a posibilidade de poder poñer en práctica os coñecementos adquiridos no grao e, en 3,93 puntos o grao de aprendizaxe alcanzado debido á experiencia.

A formación continua

Os estudantes valoran o compromiso con formarse de xeito complementario ao grao con 4,35 puntos sobre 5, e o desexo de facelo ao longo da vida con 4,52 puntos.

Os empregadores, pola súa banda afirman que o 9,07% deles non ofrece formación aos seus traballadores a través da empresa, mentres que o 90,93% aseguran que si o fan. Destes últimos, o 47,47% sinala que o custo da formación asúmeo en parte ou inte-

Os empregadores pola súa banda, outorgan á experiencia unha importancia de 3,92 puntos sobre 5 na selección de persoal.

O currículo vitae

Os estudantes valoran con 3,78 puntos sobre 5 o coñecemento que teñen para elaborar un bo currículo, e en 4,14 puntos a necesidade de adaptalo de acordo co traballo solicitado.

Os empregadores pola súa banda consideran a importancia que lle outorgan ao currículo na selección de persoal cunha puntuación de 3,75 puntos sobre 5.

As recomendacións de terceiras persoas

Os estudantes avalían con 2,48 puntos sobre 5 si teñen contactos persoais e con 1,97 puntos si posúen contactos das redes sociais que lles poden axudar a atopar un traballo.

Os empregadores pola súa banda, consideran a importancia que lle outorgan ás recomendacións de terceiras persoas na selección de persoal cunha puntuación media de 3,25 puntos sobre 5.

gramente a empresa, o 41,60% que os seus traballadores reciben formación continua subvencionada, e o 29,87% que reciben autoformación.

En canto á temática da formación, dos empregadores que indican que a ofrecen aos seus traballadores, o 91,79% sinala que esta se refire a unha formación técnica vinculada ao posto de traballo, o 30,21% a habilidades persoais e sociais, o 26,98% a coñecementos informáticos e o 22,58% a idiomas.

MAPA DE PRÁCTICAS DOS ESTUDANTES DA UVIGO

CÓMO E ONDE FAN AS PRÁCTICAS OS ESTUDANTES. QUÉ COÑECEMENTOS SON OS MÁIS DEMANDADOS.

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo elaboran un mapa de prácticas dos alumnos, para coñecer onde están as fortalezas e as principais oportunidades. As conclusións son unha eficaz guía para a toma de decisións máis acaídas ó obxectivo de aumentar, dirixir consolidar e facer máis estables e atractivas as relación entre a universidade e as empresas do seu entorno.

INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS

Curso académico 2019/2020

1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS.

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando nos últimos dez anos na elaboración de estudos e informes de interese para a comunidade universitaria. Ambas entidades comparten o obxectivo de achegar a Universidade de Vigo á súa contorna social e económica e, entre outros, teñen como fins específicos: a realización de actuacións que favorezan a empregabilidade do alumnado, impulsar vía de colaboración con entidades e empresas, e a análise de distintos aspectos que podan apoiar a formación universitaria e o desenvolvemento local.

Entre os traballos realizados no marco desta colaboración destaca o estudo e análise das prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo. As prácticas externas son unha ferramenta decisiva na formación integral do alumnado, permiten

que se acheguen á realidade profesional e facilitan a súa relación cos distintos sectores socio- económicos aumentando a súa empregabilidade.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Desde o curso académico 2011/2012 elabórase un informe de prácticas académicas extracurriculares por sectores de actividade. Estes informes tratan e sistematizan a información dispoñible na Fundación Universidade de Vigo como entidade xestora das prácticas académicas extracurriculares.

OBXECTIVOS DO INFORME	• Identificar os ámbitos de formación que acadan un maior nivel de prácticas • Dispoñer de datos comparativos desde unha perspectiva temporal • Apoiar o valor estratéxico da UVigo como motor de desenvolvemento social e económico • Apoiar posibles actuacións que favorezan a empregabilidade dos titulados universitarios
PRINCIPAIS INDICADORES	• No de prácticas realizadas extracurriculares • Número de empresas/entidades colaboradoras • No de prácticas realizadas por ámbito de coñecemento do alumnado • Sectores económicos/sociais das empresas/entidades nas que se realizan as prácticas • Tipo de empresas e entidades • Relación entre sectores económicos e ámbito de coñecemento do alumnado na realización de prácticas • Ratio: nos estudantes / empresa • No de prácticas por sectores e sexo • Evolución das prácticas extracurriculares nos últimos 8 cursos académicos PERÍODO ANALIZADO: CURSO ACADÉMICO 2019/2020

2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE

2.1 NÚMERO DE ALUMNOS/AS E EMPRESAS

CURSO 2019-2020	
Nº PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (EXTRACURRICULARES)	545
Nº EMPRESAS	342

RATIO PRÁCTICAS/EMPRESA: 1,59



Durante o curso académico 2019/2020 realizáronse 545 prácticas académicas externas extracurriculares, nun total de 342 empresas e entidades, o que supón unha ratio de 1,59 prácticas por empresa.

NOTA: os datos recollidos neste informe fan referencia ao no de prácticas externas extracurriculares realizadas polo alumnado da Universidade de Vigo. O no de prácticas realizadas non coincide co no de alumnos que as realizan posto que un alumno pode realizar máis dunha práctica.

2.2 NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDO E SEXO

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social; Tecnolóxico; Científico; Ciencias da saúde; e Arte e Humanidades.

Durante o curso académico 2019/2020, as prácticas académicas externas distribúense por ámbito de estudos do seguinte xeito:

ÁMBITO DE ESTUDIOS	Nº PRÁCTICAS TOTAIS	HOMES	MULLERES
Xurídico-Social	246	103	143
Ciencias da Saúde	8	3	5
Tecnolóxico	216	152	63
Científico	46	19	27
Arte e Humanidades	29	6	23
TOTAL	545	283	262



Obsérvase que os ámbitos con maior número de prácticas son o Xurídico Social e o Tecnolóxico. Por sexo, o no de prácticas realizadas por mulleres é maior en todos os ámbitos agás no tecnolóxico.

RELACIÓN ENTRE A MATRÍCULA E O NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDOS E SEXO

No curso académico 2019/2020 a porcentaxe de alumnos/as matriculados/as por ámbito e sexo é a seguinte:

ÁMBITO DE ESTUDIOS	% HOMES EN PRÁCTICAS	% HOMES MATRICULADOS	% MULLERES EN PRÁCTICAS	% MULLERES MATRICULADAS
Xurídico-Social	58,13	39,10	41,87	60,90
Ciencias da Saúde	37,50	23,84	62,50	76,16
Tecnolóxico	70,37	76,89	29,17	23,11
Científico	41,30	44,69	58,70	55,31
Arte e Humanidades	20,69	27,09	79,31	72,91

Derivado do cadro anterior obsérvase o seguinte:

- A porcentaxe de mulleres matriculadas é superior en todos os ámbitos, agás no ámbito tecnolóxico.
- Dita porcentaxe é moi maioritaria nos ámbitos de Ciencias da Saúde e Arte e Humanidades.
- Respecto á correlación entre a porcentaxe de prácticas por sexo en relación á porcentaxe de matrícula: nos ámbitos Científico e Arte e Humanidades é maior o peso das mulleres en prácticas que o que correspondería pola % de matrícula que representan.

2.3 NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As prácticas realizáronse no curso académico 2019/2020 en 342 empresas, que se clasifican por

sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	Nº Prácticas	%	Empresas	%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	10	1,83%	7	2,05%
Industrias extractivas	1	0,18%	1	0,29%
Industria manufacturera	77	14,13%	50	14,62%
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3	0,55%	3	0,88%
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	8	1,47%	2	0,58%
Construción	12	2,20%	12	3,51%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	31	5,69%	24	7,02%
Transporte e almacenamento	16	2,94%	14	4,09%
Hostalería	5	0,92%	4	1,17%
Información e comunicacións	72	13,21%	29	8,48%
Actividades financeiras e de seguros	13	2,39%	10	2,92%
Actividades inmobiliarias	2	0,37%	1	0,29%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	170	31,19%	100	29,24%
Actividades administrativas e servizos auxiliares	24	4,40%	17	4,97%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	27	4,95%	19	5,56%
Educación	17	3,12%	13	3,80%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	11	2,02%	7	2,05%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5	0,92%	4	1,17%
Outros servizos	41	7,52%	25	7,31%
Total	545	100,00%	342	100,00%

O 58,53% das prácticas extracurriculares realízanse en empresas que pertencen a 3 sectores de actividade: *Industria manufacturera*; *Información e comunicacións*; e *Actividades profesionais, científicas e técnicas*.

O sector con maior porcentaxe é o de *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que abarca unha ampla variedade de actividades empresariais recollidas no apartado do CNAE, entre outros: actividades xurídicas e de contabilidade, actividades de consultaría de

xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e comunicación, servizos técnicos de arquitectura ou enxeñaría, ensaios e análises clínicos, investigación e desenvolvemento, tradución e interpretación e actividades veterinarias.

O sector de *Industria manufacturera* inclúe diversas actividades de fabricación coma alimentación, téxtil, mobles, vehículos, equipos informáticos e metalurxia, entre outras.

O sector de *Información e comunicacións* abarca actividades de edición; actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emi-

sión de radio e televisión; telecomunicacións; programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática e servizos de información.

2.4 NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR ÁMBITO DE ESTUDO E POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social, Tecnolóxico, Científico, Ciencias da

saúde e Arte e Humanidades.

ÁMBITO DE ESTUDOS XURÍDICO-SOCIAL:

Trátase do ámbito de coñecemento que contou con máis alumnos/as en prácticas durante o curso 2019/2020, realizando prácticas en 4 sectores principalmente: Actividades profesionais, científicas e téc-

nicas seguido polo sector de *Actividades administrativas e servizos auxiliares; Comercio ao por maior e ao por menor e Industria manufacturera.*

XURÍDICO-SOCIAL	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	68	88
Actividades financeiras e de seguros	9	12
Actividades administrativas e servizos auxiliares	15	22
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	14	17
Industria manufacturera	16	17
Información e comunicacións	8	22
Educación	7	8
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	10	11
Outros servizos	13	14
Actividades sanitarias e de servizos sociais	2	5
Hostalería	4	5
Transporte e almacenamento	10	12
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	3
Construción	3	3
Actividades inmobiliarias	1	2
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	1	1
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2	2
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	2
TOTAL	186	246

ÁMBITO DE ESTUDOS TECNOLÓXICO:

Tras o xurídico-social, o ámbito tecnolóxico é o que tivo máis alumnos/as en prácticas durante o curso 2019-2020, 216 estudantes, que realizaron prácticas

en tres sectores de actividade principalmente: *Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira e Información e comunicacións.*

TECNOLÓXICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	25	69
Industria manufactureira	29	53
Información e comunicacións	19	47
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	6	7
Construción	9	9
Outros servizos	4	8
Educación	3	5
Industrias extractivas	1	1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4	5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	2
Transporte e almacenamento	4	4
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	1	1
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	2	3
Actividades financeiras e de seguros	1	1
TOTAL	111	216

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENTÍFICO:

As prácticas realízanse principalmente nos sectores de Outros servizos como poden ser actividades asociativas ou servizos persoais e *Actividades profesionais, científicas e técnicas*.

CIENTÍFICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	8	10
Educación	2	3
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	5	5
Outros servizos	5	12
Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	1
Industria manufactureira	5	5
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	4
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	3	3
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	3
TOTAL	33	46

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS DA SAÚDE:

Neste ámbito o alumnado realiza prácticas curriculares e incluídas polo tanto no plan de estudos, polo que normalmente é reducido o número de prácticas extracurriculares realizadas. Os sectores de actividades que ofrecen maior número de prácticas extracurriculares son principalmente *Actividades sanitarias e servizos sociais; Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria*.

CIENCIAS DA SAÚDE	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades sanitarias e de servizos sociais	4	5
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	1	1
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	2
TOTAL	6	8

ÁMBITO DE ESTUDOS ARTE E HUMANIDADES:

O sector de *Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria e Outros Servizos* ofrecen o maior número de estudantes en prácticas neste ámbito.

ARTES E HUMANIDADES	EMPRESAS	ESTUDANTES
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	3	8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	3
Industria manufactureira	2	2
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	2
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	3
Outros servizos	4	7
Información e comunicacións	3	3
Educación	1	1
TOTAL	19	29

2.5 NÚMERO EMPRESAS CLASIFICADAS POR CNAE E ÁMBITO DE ESTUDO DOS ALUMNOS/AS QUE REALIZARON PRÁCTICAS

Tendo en conta o CNAE das empresas clasificadas polo ámbito de estudos podemos observar que os estudos mais demandados son os do ámbito xurídico social, como son o grao en administración e dirección de empresas ou o grao en economía. Este tipo de estudos son mais demandados en departamentos administrativos de empresas cuxo CNAE é *Actividades profesionais, científicas e técnicas*.

2019/2020	ARTES E HUMANIDADES	CIENCIAS DA SAÚDE	CIENTÍFICO	TECNOLÓXICO	XURÍDICO- SOCIAL
Industria manufactureira	2	0	5	29	16
Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	0	8	25	68
Información e comunicacións	3		0	19	8
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	1	3	6	14
Construción	0	0	0	9	3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0	0	0	2	15
Transporte e almacenamento	0	0	0	4	10
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	3	1	5	1	10
Outros servizos	4	0	5	4	13
Actividades sanitarias e de servizos sociais	0	4	1	0	2
Forneco de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0	0	0	1	2
Educación	1	0	2	3	7
Industrias extractivas	0	0	0	1	0
Actividades financeiras e de seguros	0	0	0	1	9
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0	0	3	4	1
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	0	0	0	2
Forneco de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	0	1	2	1
Hostalería	0	0	0	0	4
Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	1
TOTAL	19	6	33	111	186

3. ALUMNADO EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS. (HISTÓRICO)

3.1 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS

Nº PRÁCTICAS ÁMBITO DE ESTUDOS	Curso 2014-2015		Curso 2015-2016		Curso 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020	
	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	31,45	68,55	34,68	65,32	36,18	63,82	33,21	66,79	35,10	64,90	41,87	58,13
Tecnolóxico	67,03	32,97	68,67	31,33	71,39	28,61	68,99	31,01	68,94	31,06	70,37	29,63
Científico	30,65	69,35	38,62	61,38	43,5	56,5	38,56	61,44	29,11	70,89	41,30	58,70
Ciencias da saúde (*)	39,47	60,53	36,36	63,64	32,43	67,57	30,19	69,81	30,00	70,00	37,50	62,50
Arte e Humanidades (*)	42	58,00	35,84	64,16	27,12	72,88	21,88	78,12	29,41	70,59	20,69	79,31

Con respecto ao sexo do alumnado que realiza prácticas, observamos que existe unha diferenza importante en todos os ámbitos entre a porcen-

taxe de homes e mulleres , sendo maior o número de mulleres en todos os casos agás no ámbito tecnolóxico.

(*) O número de prácticas extracurriculares nestes ámbitos non é representativo, polo que a comparativa non procede sen ter en conta as prácticas curriculares.

3.2 NÚMERO DE ALUMNOS/AS MATRICULADOS CLASIFICADOS POR ÁMBITO DE ESTUDOS

MATRÍCULA	Curso 2014-2015		Curso 2015-2016		Curso 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020	
ÁMBITO DE ESTUDOS	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	39,11	60,89	38,66	61,34	39,52	60,48	38,89	61,11	39,81	60,19	39,10	60,90
Tecnolóxico	76,68	23,32	76,76	23,24	76,85	23,15	77,85	22,15	78,05	21,95	76,89	23,11
Científico	42,03	57,97	43,46	56,54	44,42	55,58	44,49	55,51	45,10	54,90	44,69	55,31
Ciencias da saúde	23,97	76,03	22,54	77,46	22,52	77,48	22,95	77,05	22,49	77,51	23,84	76,16
Arte e Humanidades	28,66	71,34	28,87	71,13	26,1	73,90	25,57	74,43	23,13	76,87	27,09	72,91


Da comparación dos cadros anteriores pódese concluír que a porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda re-

lación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula.

3.3 ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS POR SEXO E CNAE DAS EMPRESAS

A seguinte gráfica amosa o número de alumnos/as por sexo e CNAE das empresas. Sinalar que:


- O no de prácticas realizadas por mulleres nos sectores de Actividades profesionais, científicas e técnicas e Actividades administrativas e servizos auxiliares é similar ás dos homes.
- As prácticas realizadas por homes nos sectores de Industria manufacturera e de Información e comunicacións case duplica ás realizadas por mulleres.
- O no de prácticas realizadas por mulleres son máis do dobre das prácticas realizadas polos homes nos sectores de Administración pública e defensa; Seguridade social obrigatoria e Outros servizos.



4. ALUMNOS/AS EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA

ESTUDANTES POR TIPO DE EMPRESA	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016	Curso 2016-2017	Curso 2017-2018	Curso 2018-2019	Curso 2019-2020
Tipo de empresa							
Autónomo	127	88	96	73	78	82	29
Pequena (menos de 50 traballadores)	555	541	612	549	449	398	247
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	151	149	169	167	181	135	96
Grande (máis de 500 traballadores)	66	88	67	70	74	71	58
Multinacional	97	62	99	74	105	108	21
Administración Pública	89	99	119	142	123	66	32
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	60	96	107	115	109	86	62
Total	1145	1123	1269	1190	1119	946	545

Alumnos en prácticas por tamaño e tipo de empresa curso 2019-2020



Observando os gráficos anteriores vemos que as empresas que máis demandan estudantes en prácticas son as pequenas empresas seguido das

empresas medianas. A realización de prácticas é unha vía utilizada polas empresas como método de selección de futuros traballadores e traballadoras.

5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS NOVE CURSOS ACADÉMICOS

5.1 TOTAL ALUMNOS/AS E EMPRESAS

Neste curso académico 2019/2020 prodúcese unha redución do número de prácticas realizadas. Este marcado descenso é debido ao contexto sanitario e confinamento do segundo cuadrimestre do ano e verán, período con máis demanda de prácticas por parte do alumnado e empresas.

A data 15 de marzo a partir da declaración do estado de alarma quedaron suspendidas 170 prácticas en curso. Gran parte destas prácticas pasaron a modalidade telemática ou foron retomadas no primeiro

cuadrimestre do curso académico 2020/2021; e outras foron canceladas por non ser posible a súa realización. (Detalle no Punto 6)

Tamén segue coa tendencia de que un número importante de convocatorias publicadas quedan desertas ou teñen moi poucos candidatos, o que se debe principalmente a que son prácticas non remuneradas.

No curso 2019/2020 o descenso é máis importante debido aos efectos producidos pola situación sanitaria.



5.2 RATIO PRÁCTICAS POR ÁMBITO E EMPRESA



ÁMBITO	2011/2012			2012/2013			2013/2014		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	403	247	1,63	480	301	1,59	545	359	1,52
Tecnolóxico	345	264	1,31	348	238	1,46	396	230	1,72
Científico	113	69	1,64	144	75	1,92	116	55	2,11
Arte e Humanidades	25	20	1,25	80	37	2,16	40	35	1,14
Ciencias da Saúde	3	2	1,50	14	6	2,33	48	24	2,00
TOTAL	889	602	1,48	1066	657	1,62	1145	703	1,63

ÁMBITO	2014/2015			2015/2016			2016/2017		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	547	407	1,34	617	400	1,54	551	389	1,42
Tecnolóxico	364	244	1,49	399	229	1,74	367	211	1,74
Científico	124	60	2,06	145	71	2,04	177	82	2,16
Arte e Humanidades	50	37	1,35	55	27	2,03	59	36	1,64
Ciencias da Saúde	38	23	1,65	53	30	1,76	36	20	1,80
TOTAL	1123	771	1,46	1269	757	1,68	1190	738	1,61

ÁMBITO	2017/2018			2018/2019			2019/2020		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	536	375	1,43	433	322	1,34	246	186	1,32
Tecnolóxico	345	180	1,92	264	144	1,83	216	111	1,94
Científico	153	68	2,25	158	75	2,11	46	33	1,39
Arte e Humanidades	32	28	1,14	51	27	1,89	29	19	1,53
Ciencias da Saúde	53	27	1,96	40	24	1,67	8	6	1,33
TOTAL	1119	678	1,65	946	592	1,60	545	355*	1,53

**Nota: O estudantado realizou prácticas académicas externas extracurriculares en 355 empresas. Varias destas empresas acolleron alumnos/as de distintos ámbitos, o que explica a diferenza co total de empresas por ámbito que figura nesta táboa.*

5.3 ÁMBITO DE ESTUDOS DOS ALUMNOS/AS QUE REALIZARON PRÁCTICAS POR CURSO ACADÉMICO




Os ámbitos xurídico social e tecnolóxico seguen a ser os máis demandados para a realización de prácticas polo alumnado.

A primeira gráfica amosa un descenso importante do nº de alumnos/as en prácticas a partir do curso

2017/2018 nos ámbitos xurídico-social e tecnolóxico. Sen embargo na segunda gráfica, que mostra a evolución dos alumnos/as en porcentaxe, obsérvase que o ámbito xurídico-social ten unha tendencia estable mentres que o tecnolóxico presenta un gran repunte a partir do curso académico 2018/2019.


5.4 EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO



As empresas do sector de actividades profesionais, científicas e técnicas con alumnos/as en prácticas tiveron un crecemento alto ata o ano 2015 e a partir de ano un descenso igualmente importante. O resto de sectores presentan unha evolución máis esta-

ble, descendendo lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás a industria manufacturera e o sector de información e comunicacións. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria.

5.5 EVOLUCIÓN DO NO DE ESTUDANTES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO



Ao igual que na gráfica anterior destaca a evolución do nº de alumnos/as en prácticas no sector de actividades profesionales ata o ano 2015. O resto dos sectores presentan unha evolución máis estable, descen-

do lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás a industria manufacturera. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria.

6. EFECTOS DERIVADOS DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DA COVID-19 NA XESTIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES

Por causa da emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, a mediados do mes de marzo quedan suspendidas todas as prácticas presenciais e todas as prácticas sanitarias. A partir desta data a Universidade de Vigo dita instrucións para a xestión das mesmas, quedando as prácticas en curso ou ben suspendidas temporalmente, ou ben transformadas en prácticas telemáticas naqueles casos nos que era posible.

Unha vez iniciado o chamado proceso de desescalada, que supuxo a recuperación progresiva das distintas actividades empresariais, retómase igualmente a realización de prácticas extracurriculares. E igualmente foi levantada a suspensión das prácticas sanitarias por resolución da Xunta de Galicia a data 20 de agosto.

Datos das prácticas neste período:

A día 15 de marzo, data na que entra en vigor o estado de alarma estaba en curso a xestión ou a realización de 170 prácticas extracurriculares. De estas, 11 non chegan a iniciarse, 107 realizáronse de xeito telemático ou presencial unha vez recuperada a actividade económica; e 52 foron canceladas.

O número de prácticas descende de xeito importante respecto ao mesmo período do exercicio anterior, debido a que o período marzo-agosto é cando se realizan o maior número de prácticas tanto en entidades públicas como privadas.

CURSO ACADÉMICO 2019/2020

I. O número de prácticas descende no curso académico 2019/2020 debido á suspensión de todas as prácticas a mediados do mes de marzo por causa da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19. Sinalar tamén que o período marzo- agosto é o período no que realizan o maior número de prácticas extracurriculares, tanto en entidades públicas como privadas.

II. Realizáronse 545 prácticas académicas extracurriculares durante o curso académico.

III. Os sectores de actividade ao que pertencen as 342 entidades e empresas que tiveron alumnos realizando prácticas extracurriculares son fundamentalmente 3: actividades profesionais, científicas e técnicas; industria manufacteira e información e comunicacións.

IV. A Fundación Universidade de Vigo xestionou 154 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas. O 70,13% das entidades colaboradoras son sociedades limitadas; o seguinte bloque en importancia son as Sociedades Anónimas que representan o 11,69% do total, seguido dos autónomos, 9,74%.

V. Os ámbitos de coñecemento que contaron con

máis alumnos en prácticas foron o xurídico social, seguido do tecnolóxico e do científico.

VI. As empresas cuxo CNAE é actividades profesionais, científicas e técnicas son as que máis demandan estudos do ámbito xurídico social.

VII. As empresas cuxo CNAE é industria manufacteira son as que máis solicitan estudos do ámbito tecnolóxico.

VIII. En relación ás prácticas extracurriculares realizadas por ámbito, sinalar que o ámbito científico é o terceiro máis demandado polas empresas, mentres que o terceiro ámbito por número de alumnos/as matriculados é o de arte e humanidades.

IX. A porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. Sen embargo, a porcentaxe de mulleres en prácticas é en todos os casos superior á porcentaxe que representan sobre a matrícula no seu ámbito, agás este curso académico no ámbito Xurídico-Social e Ciencias da Saúde.

COMPARATIVA CURSOS ACADÉMICOS 2011/2012 – 2019/2020

X. O número medio de prácticas nos 9 últimos cursos académicos é de 1032.

XI. O número medio de empresas colaboradoras nos 9 últimos cursos académicos é de 618.

XII. A ratio media de prácticas por empresa é de 1,53

XIII. As empresas que teñen máis estudantes en

prácticas nos últimos 7 cursos académicos son principalmente empresas pequenas (media do 45,67%) e medianas (media do 14,28%).

XIV. Obsérvase un descenso das prácticas extracurriculares nos últimos tres anos, especialmente neste curso académico por mor da situación da alerta sanitaria.

ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Agricultura gandería, silvicultura e pesca	A	1	Agricultura, ganadería, caza e servizos relacionados coas mesmas
		2	Silvicultura e explotación forestal
		3	Pesca e acuicultura
Industrias extractivas	B	5	Extracción de antracita, hulla e lignito
		6	Extracción de cru de petróleo e gas natural
		7	Extracción de minerais metálicos
		8	Outras industrias extractivas
		9	Actividades de apoio ás industrias extractivas
Industria manufacturera	C	10	Industria da alimentación
		11	Fabricación de bebidas
		12	Industria do tabaco
		13	Industria téxtil
		14	Confección de prendas de vestir
		15	Industria do coiro e do calzado
		16	Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestería e espartería
		17	Industria do papel
		18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
		19	Coquerías e refino de petróleo
		20	Industria química
		21	Fabricación de produtos farmacéuticos
		22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
		23	Fabricación de outros produtos minerais no metálicos
		24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións
		25	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo
		26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
		27	Fabricación de material e equipo eléctrico
		28	Fabricación de maquinaria e equipo
		29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
		30	Fabricación de outro material de transporte
		31	Fabricación de mobles
		32	Outras industrias manufactureiras
		33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo
Fornezo enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	D	35	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Fornecendo de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	E	36	Agricultura, ganadería, caza e servizos relacionados coas mesmas
		37	Silvicultura e explotación forestal
		38	Pesca e acuicultura
		39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos
Construción	F	41	Construción de edificios
		42	Enxeñaría civil
		43	Actividades de construción especializada
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	G	44	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
		46	Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas
		47	Comercio ao por menor, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Transporte e almacenamento	H	49	Transporte terrestre e por tubeira
		50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
		51	Transporte aéreo
		52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
		53	Actividades postais e de correos
Hostalería	I	55	Servizos de aloxamento
		56	Servizos de comidas e bebidas
Información e comunicacións	J	58	Edición
		59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
		60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
		61	Telecomunicacións
		62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
		63	Servizos de información
Actividades financeiras e de seguros	K	64	Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións
		65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria
		66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
Actividades inmobiliarias	L	68	Actividades inmobiliarias
Actividades profesionais, científicas e técnicas	M	69	Actividades xurídicas e de contabilidade
		70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial
		71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicos
		72	Investigación e desenvolvemento
		73	Publicidade e estudos de mercado
		74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
		75	Actividades veterinarias

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Actividades administrativas e servizos auxiliares	N	77	Actividades de aluguer
		78	Actividades relacionadas co emprego
		79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos
		80	Actividades de seguridade e investigación
		81	Servizos a edificios e actividades de xardinería
		82	Actividades administrativas de oficina y outras actividades auxiliares ás empresas
Administración Pública, defensa Seg. Social obrigatoria	O	84	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
Educación	P	85	Educación
Actividades sanitarias e de servizos sociais	Q	86	Actividades sanitarias
		87	Asistencia en establecementos residenciais
		88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	R	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
		91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
		92	Actividades de xogos de azar e apostas
		93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
Outros servizos	S	94	Actividades asociativas
		95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
		96	Outros servizos persoais
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	T	97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
		98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	U	99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

2019-2020
VELLAS UNIVERSIDADES,
NOVAS UNIVERSIDADES
O CAMBIO QUE QUIZÁ NUNCA FIXÉSEMS SÓS



Consello Social
Universidade de Vigo